

SOLUCIÓNS ACTIVIDADES 2º ESO

SEMANA 14-17 ABRIL

1ª SESIÓN:

Esperamos fixerades con moita atención a tarefa da primeira sesión semanal e que os vosos exercicios estean revisados e corrixidos.

2ª SESIÓN:

1. Resume brevemente o contido do texto.

Un rapaz está aburrido durante as vacacións a pesar de ter un feixe de aparellos tecnolóxicos de última xeración ao seu alcance. Ademais, agora incluso se aburre con Internet e as redes sociais, que era o único co que se divertía.

2. Achega un sinónimo de cada un dos seguintes termos:

– **Aborrecido**: aburrido, farto.

– **Fastío**: repugnancia, tedio.

– **Adquirir**: mercar.

– **Entusiasmo**: ilusión

3. Indica as palabras do texto que pertenecen ao campo semántico da televisión.

Campo semántico da televisión: *zapping, cadeas de televisión, mando a distancia, películas.*

7. Xustifica o uso ou non de acento gráfico nas seguintes palabras.

– **Fastío**: vogal *i* tónica seguida doutra vogal átona para marcar a existencia do hiato.

– **Máis**: til diacrítico, para diferenciar o adverbio de cantidade da conxunción adversativa *mais*.

– **Películas**: palabra esdrúxula.

– **Practicamente**: palabra grave que remata en vogal.

– **Boa**: palabra grave que remata en vogal.

– **Alí**: palabra aguda rematada en vogal.

– **Seis**: monosílabo.

– **Fora**: palabra grave que remata en vogal.

– **Portátil**: palabra grave rematada en consoante *-l*.

– **Á**: til diacrítico para distinguir a contracción da preposición “a” e o artigo determinado feminino singular “a”.

– **Tamén**: palabra aguda rematada en *-n*.

– **Inútiles**: palabra esdrúxula.

– **Vacacións**: palabra aguda rematada en *-ns*.

– ***Ordenador***: palabra aguda rematada en consoante distinta de *-n* e *-s*.